

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE MAIO DE 2024

Ás 10:40 horas do día 7 de maio de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 2 de maio de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: Fernando González Abeijón, representante do PP
Susana García Álvarez, suplente da titular da Asesoría Xurídica
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (asiste aos puntos 2a e 2b)
María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 11a e 11b)

Secretaria: María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A858-AEEHCF-E9ED4B-3RYWP7-3114W9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento a FLUGE GALICIA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días a VIVE NIGRÁN, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto deberá presentar:
 - Novo DEUC de REVENIDAS, S.C., asinado polo seu representante, no que complete os seguintes apartados que figuran en branco no documento presentado:
 - “Parte II - Apartado C: Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades:
 - *¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?*
 - * Neste punto, hai que ter en conta que a mercantil é o propio terceiro que aporta a súa capacidade.
 - Parte II - Apartado D: Información relativa a los subcontratistas a cuya capacidad no recurra el operador económico:
 - *¿Tiene el operador económico la intención de subcontratar alguna parte del contrato a terceros?*
 - Parte III - Apartado C: Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional:
 - *¿Están los activos del operador económico siendo administrados por un liquidador o por un tribunal?*
 - *¿Han sido suspendidas las actividades empresariales del operador económico?*
 - *¿Se ha declarado al operador económico culpable de una falta profesional grave?*
 - *¿Tiene el operador económico conocimiento de algún conflicto de intereses, con arreglo al Derecho nacional, el anuncio pertinente o los pliegos de la contratación, debido a su participación en el procedimiento de contratación?*
 - *¿Ha asesorado el operador económico, o alguna empresa relacionada con él, al poder adjudicador o la entidad adjudicadora o ha intervenido de otra manera en la preparación del procedimiento de contratación?*
 - *¿Ha experimentado el operador económico la rescisión anticipada de un contrato público anterior, un contrato anterior con una entidad adjudicadora o un contrato de concesión anterior o la imposición de daños y perjuicios u otras sanciones comparables en relación con ese contrato anterior?*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A858-AEEHCF-E9ED4B-3RYWP7-3114W9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- *¿Se ha encontrado el operador económico en alguna de las situaciones siguientes: a) ha sido declarado culpable de falsedad grave al proporcionar la información exigida para verificar la inexistencia de motivos de exclusión o el cumplimiento de los criterios de selección, b) ha ocultado tal información, c) no ha podido presentar sin demora los documentos justificativos exigidos por el poder adjudicador o la entidad adjudicadora, y d) ha intentado influir indebidamente en el proceso de toma de decisiones del poder adjudicador o de la entidad adjudicadora, obtener información confidencial que pueda conferirle ventajas indebidas en el procedimiento de contratación o proporcionar por negligencia información engañosa que pueda tener una influencia importante en las decisiones relativas a la exclusión, selección o adjudicación?*
- Novo DEUC, asinado polo seu representante, de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., no que aclare os seguintes puntos:
 - “Parte II - Apartado A: Información sobre el operador económico:
 - *¿Está participando el operador económico en el procedimiento de contratación junto con otros?*
 - * No DEUC presentado indícase que si, no entanto, non figura, na documentación presentada, indicación de presentación en UTE, agrupación de empresas, etc.
 - Parte II - Apartado C: Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades:
 - *¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?*
 - * Indícase, no documento presentado, que si se presenta con terceiros á licitación pero, pola documentación que consta, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. é o terceiro que aporta solvencia.
- Novo DEUC, asinado polo seu representante, de SOLUCIONES ESCENICAS, S.L. (SOUNDHOUSE), no que aclare o seguinte punto:
 - Parte II - Apartado C: Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades:
 - *¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?*
 - * Indícase, no documento presentado, que si se presenta con terceiros á licitación pero, pola documentación que consta, SOLUCIONES ESCENICAS, S.L. (SOUNDHOUSE) é o terceiro que aporta solvencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A858-AEEHCF-E9ED4B-3RYWP7-3114W9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Apertura das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335)

Retírase da orde do día por acordar, a Mesa de Contratación, conceder un prazo de tres días a un dos licitadores presentados para emendar a documentación do sobre A.

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a NEW LINK EDUCATION, S.L., por ser o licitador clasificado en primeiro lugar, co requirimento da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP, o 18 de abril de 2024.

O licitador presentou a documentación requirida o día 6 de maio de 2024, dentro do prazo concedido. En concreto, presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e materiais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

Tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, conceder un prazo de 3 días a NEW LINK EDUCATION, S.L. para que poida emendar a seguinte documentación:

1. Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato reflectidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP xa que na documentación presentada non se presenta a acreditación dos seguintes:
 - Un coordinador xeral.
 - Un ou dous coordinadores territoriais, segundo o licitador oferte só destinos no Reino Unido ou destinos en Reino Unido e Irlanda, posto que será preciso un coordinador territorial por país.
 - 47 monitores.

* No caso dos monitores, presentase parte da documentación acreditativa, non constando toda a documentación do número total de monitores necesarios.

Como se indica no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP, "- Os coordinadores (xeral e territorial/es) deberán reunir os seguintes requisitos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A858-AEEHCF-E9ED4B-3RYWP7-3114W9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Experiencia práctica na xestión de programas de inmersión e integración en lingua inglesa de escolares no estranxeiro, que se acreditará mediante vida laboral e/ou contrato. Se estes documentos non estivesen en castelán deberá presentarse a tradución.

Os monitores deberán reunir os seguintes requisitos:

- *Formación mínima de técnico/a de grao superior de formación profesional ou grao universitario ou equivalente, que acreditarase coa presentación de copia do título oficial ou certificado expedido polo centro onde cursaron os seus estudos.*
- *Experiencia de participación como mínimo nun programa de inmersión e integración lingüística en lingua inglesa de escolares no estranxeiro (sexan en períodos lectivos ou vacacionais), que se acreditará mediante vida laboral e/ou contrato. Se estes documentos non estivesen en castelán deberá presentarse a tradución.*
- *Dominio fluído do idioma inglés, tendo en conta os niveis e táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas MCER. Deberán posuír algunha das titulacións oficiais que figuran no Anexo I ao PPT (Certificacións válidas para acreditar os coñecementos de inglés) achegando copia do diploma acreditativo expedido polo organismo competente, cun nivel mínimo de certificación nivel B2.*

Compromiso de adscrición dos medios persoais mínimos: os licitadores deberán manifestar o compromiso de adscribir á xestión do programa os medios persoais suficientes para o seu desenvolvemento, con indicación expresa do estrito cumprimento da legalidade en materia laboral vixente. Para estes efectos deberán cumprimentar e asinar o apartado d) do Anexo II deste prego.

O primeiro clasificado deberá presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos anteriormente citada con relación a cada un dos medios persoais mínimos."

b) Procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A. o 26 de abril de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, habilitación profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, presenta os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e ATRIGA, así como de estar ao corrente coas obrigas da Tesourería Xeral da Seguridade, figurando no expediente o correspondente certificado positivo de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A858-AEEHCF-E9ED4B-3RYWP7-3114W9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 09/02/2024, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/02/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 869.814,80 euros (718.855,20 € máis 150.959,60 € de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.227.0000 (Limpeza instalacións), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 135.828,85 euros correspondentes ao ano 2024;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2025;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2026;
- 217.453,70 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 81.624,85 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A858-AEEHCF-E9ED4B-3RYWP7-3114W9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 26 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613) na seguinte orde descendente:

	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.	96,00
2	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.	87,42
3	LIMPIEZAS CÍES, S.L.	86,47
4	EULEN, S.A.	75,71
5	PROINTAL, S.L.	73,72
6	SAMYL FACILITIES SERVICES, S.L.	69,94
7	CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	40,89
8	LIMPERGAL, S.L.	13,56

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., o día 25 de abril de 2024, que presenta a documentación requirida o 30 de abril de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:



- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da empresa e o apoderamento do seu representante, así como a clasificación da mesma.
- Declaración de vixencia da inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A escritura de constitución da licitadora cos estatutos e o CIF, xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (152.217,59 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa no Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 2, presentan clasificación no Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (152.217,59 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa no Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 2, presentan clasificación no Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 5.
- Seguro de caución por un importe cada un de 30.810,13 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificados positivos de débedas da TGSS, AEAT e ATRIGA.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A858-AEEHCF-E9ED4B-3RYWP7-3114W9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 12 e 18 de abril de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A. o procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613), cun prezo total do contrato é de 745.605,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 129.402,56 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A858-AEEHCF-E9ED4B-3RYWP7-3114W9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		